

ESTRUCTURA DO MERCADO TURÍSTICO GALEGO

CARLA REY GRAÑA / MARÍA RAMIL DÍAZ
Departamento de Economía Aplicada II
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade da Coruña

Recibido: 5 abril 2000

Aceptado: 15 xuño 2000

Resumo: O obxectivo deste traballo é presentar unha análise da estrutura do mercado turístico en Galicia. Comezamos cun estudio dos principais efectos da actividade turística, centrándonos no máis inmediato: o desenvolvemento do propio sector. Con este fin, efectúase unha análise da evolución da demanda e a oferta no sector turístico e, para os anos máis recentes, desagreganse os datos, o que permite deduci-los principais trazos desta actividade en España, e máis concretamente en Galicia.

Palabras clave: Análise cuantitativa do sector turístico / Economía do turismo / Indicadores de actividade turística.

Resumen: El objetivo de este trabajo es presentar un análisis de la estructura del mercado turístico en Galicia. Comenzamos con un estudio de los principales efectos de la actividad turística, centrándonos en el más inmediato: el desarrollo del propio sector. Con este fin, se efectúa un análisis de la evolución de la demanda y de la oferta en el sector turístico y, para los años más recientes, se desagregan los datos, lo que permite deducir los principales rasgos de esta actividad en España, y más concretamente en Galicia.

Palabras clave: Análisis cuantitativo del sector turístico / Economía del turismo / Indicadores de actividad turística.

STRUCTURE OF GALICIAN TOURIST MARKET

Summary: The aim of this paper is to present an analysis of the structure of the tourist market in Galicia. We begin with the study of the main effects of tourist activity, focusing on the most immediate one: the development of the sector itself. With this goal, an analysis of the supply and demand in the tourist sector is carried out and, for the most recent years, data are disintegrated, which allows for the deduction of the main features of this activity in Spain, and more precisely in Galicia.

Keywords: Quantitative analysis of tourist sector / Tourism economy / Indicators of tourist activity.

1. INTRODUCCIÓN

A análise da distribución da actividade turística no tempo e no espacio ten, desde o punto de vista económico, un interese fundamental. A excesiva concentración temporal da demanda impide o aproveitamento óptimo dos recursos, o cal se reflicte, basicamente, na infrautilización de traballo e capital; a súa excesiva concentración espacial provoca a deterioración nos servizos prestados e danos no contorno físico, debidos á aglomeración. Calquera delas pode xerar, polo tanto, importantes deseconomías externas.

O sector turístico está interrelacionado cun gran número doutros sectores da economía. Evidentemente, o efecto económico máis inmediato da actividade turística consiste no desenvolvemento do propio sector. Pero a este efecto directo, cóm-

cómpre engadirlle o *efecto multiplicador* ou riqueza que se xera por cada unidade de gasto turístico noutros sectores da economía, como consecuencia da interdependencia existente entre eles.

Debido a esta interdependencia, un aumento na demanda dos bens e servizos producidos por un sector xera, á súa vez, un aumento na demanda dos bens e servizos necesarios para producilos, que proceden doutros sectores. Os fluxos de renda percibidos polas empresas turísticas provocan novos fluxos en forma de pagamentos a provedores, salarios ou impostos. Os ingresos percibidos por calquera destes axentes económicos son destinados, á súa vez, a novos gastos. Así, por exemplo, as empresas do sector turístico, cos ingresos obtidos polas súas vendas, páganlles ós seus provedores e estes ós seus, nunha cadea que provoca continuos aumentos na demanda, e polo tanto, maior crecemento económico. Pero, obviamente, este proceso é reversible, e polo tanto, as fluctuacións na demanda deste sector poden ter efectos moi negativos para a economía no seu conxunto.

Neste sentido, a procedencia da demanda debería ser suficientemente diversificada, para que as situacións de crise económica nun país ou nun número reducido de países non teñan consecuencias excesivamente prexudiciais para a economía nacional.

Neste traballo analízanse os principais efectos da actividade turística en España nos últimos anos. Como se comentou, o efecto máis inmediato é o desenvolvemento do propio sector. Polo tanto, efectúase, en primeiro lugar, unha análise da evolución da demanda e a oferta no sector turístico en España. A continuación, para os anos máis recentes, desagreganse os datos, o cal permite deducilos trazos xerais da actividade turística en España e esta análise efectúase con maior detalle para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. PRINCIPAIS INDICADORES DE DEMANDA E OFERTA TURÍSTICA

Antes de proceder á análise cuantitativa, cómpre defini-los principais conceptos ós que se fará referencia.

A Comisión Estatística das Nacións Unidas (OMT, 1994) indica que o concepto básico para o conxunto do sistema de estatísticas de turismo é o *visitante*, persoa que viaxa por un período de tempo non superior a doce meses a un país distinto daquel no que ten a súa residencia habitual ou fóra do seu contorno habitual dentro do mesmo país no que reside, sen que o motivo principal da visita sexa o de exercer unha actividade remunerada no lugar visitado. Os *turistas* ou *visitantes que pernoitan* son as persoas que permanecen cando menos unha noite nun medio de aloxamento colectivo ou privado, mentres que as persoas que non pasan a noite son *excursionistas* ou *visitantes de día*.

Existen tres formas básicas de turismo: turismo *interno*, que se refire ás persoas que viaxan a un lugar distinto do seu contorno habitual, dentro do seu propio país de residencia; turismo *receptor*, que se refire ás persoas que entran nun país no que non residen habitualmente e turismo *emisor*, que se refire ás persoas que saen do país no que habitualmente residen.

A partir destas tres formas básicas poden definirse o turismo *nacional*, que inclúe o interno e o emitido; o turismo *interior*, como suma do interno e o recibido, e o turismo *internacional*, que inclúe o recibido e mailo emitido.

Respecto a cales son os principais indicadores da actividade turística polo lado da demanda, probablemente o máis adecuado sexa o *gasto turístico*, que é o gasto total de consumo realizado polos visitantes por e durante a súa viaxe e estadía no lugar de destino (OMT, 1995). Abrangue, polo tanto, tódolos desembolsos orixinalados con motivo da viaxe, no seu transcurso e como consecuencia dela. Sen embargo, para esta variable, non se dispón máis ca dalgúns datos illados e puntuais, que non permiten analiza-la súa evolución.

O gasto turístico é un concepto moi relacionado co de *consumo turístico*, definido como o valor dos bens e servizos utilizados polos visitantes. Respecto a este indicador tamén se dispón só de datos moi escasos.

Outras variables que poden ser consideradas como indicadores da demanda de turismo son os *ingresos por turismo* e o *número de visitantes estranxeiros*, variables para as cales si se dispón de series longas, pero que proporcionan información relativa só ó turismo receptor.

Para efectúa-la análise respecto do turismo interior, que inclúe non só o receptor senón tamén o interno, dispoñemos das series correspondentes ó *número de viaxeiros* e ó *número de pernoitas*, pero que se refiren só ós *rexistrados en establecementos hoteleiros regrados*, é dicir, hoteis e hostais. Non recollen, polo tanto, as cifras correspondentes ós viaxeiros que elixen outros medios de acomodación, tanto regrados coma non-regrados. Entre os establecementos non recollidos na estatística inclúense as casas de hóspedes, fondas, apartamentos legalizados e os cámpings. Ademais, existe un importante volume de oferta de aloxamentos que non está legalizada, constituída principalmente por cámpings e apartamentos turísticos non-rexistrados.

Canto ós indicadores de oferta, deberían reflecti-lo capital directamente computable para os efectos turísticos (Pulido, 1965); é dicir, os servizos de hostalería, restauración, animación e espectáculos así como outros (como os de información, intermediación das axencias de viaxes, transporte, comunicacións, seguros, etc.) complementarios, que poden ser adquiridos como servizos illados ou como un conxunto de servizos que ten un prezo global. A oferta turística comprende, polo tanto, unha multiplicidade de bens e servizos, que constitúen o que se denomina o *producto turístico*.

O produto turístico é dificilmente cuantificable porque, aínda que a maioría dos servizos que o integran son consumidos, sobre todo, polos turistas, poden ser

consumidos tamén polos residentes; de tal maneira que o carácter de “turístico” dálo o que o adquire. Isto fai necesario utilizar como indicadores outras variables que poidan considerarse aproximacións razoables.

Así, desde o lado da oferta, os que se consideran principais indicadores da actividade turística son os que se supón que permiten ó visitante cubri-las súas necesidades básicas: albergue, manutención e lecer.

As necesidades de albergue cóbrense, fundamentalmente, a través das redes de hoteis, hostais e establecementos asimilados. Os seus principais indicadores son o *número de establecementos*, o *número de cuartos* e o *número de prazas-cama*.

A Organización Mundial de Turismo define o número de cuartos como a capacidade total en cuartos dos establecementos de aloxamento dispoñible durante o período punta da tempada turística e o número de prazas-cama como o total de prazas existentes nos establecementos de aloxamento nese período. Polo tanto, ámbalas dúas variables proporcionan unha información similar. Aínda que algúns dos cuartos son individuais, a maior parte deles son dobres, de tal maneira que o número de prazas se obtén multiplicando o número de cuartos por un coeficiente algo inferior a dous (aproximadamente 1,8).

As necesidades de manutención son cubertas, basicamente, polos restaurantes, e pódense incluír con eles as cafeterías e os bares, aínda que estas dúas últimas categorías responden a unha demanda bastante indefinida. Canto ás necesidades de recreo, é complicado determina-lo tipo de establecemento que as satisfai. En xeral, adoita considerarse que as discotecas e as instalacións deportivas constitúen o eixe central deste tipo de oferta. As estatísticas de turismo non recollen, habitualmente, información respecto deste tipo de establecementos, porque non constitúen un forte aliciente para impulsa-la demanda turística cara a unha determinada zona.

Respecto destas variables, para España, malia que se fan constantes esforzos para mellora-la información, só son fiables os datos correspondentes á oferta hoteleira.

Neste traballo, cando non se fai mención explícita doutra fonte, a información cuantitativa utilizada procede do servidor TEMPUS, do Instituto Nacional de Estadística (<http://www.ine.es>) ou é de elaboración propia a partir desa información.


3. O SECTOR TURÍSTICO EN ESPAÑA

3.1. A DEMANDA TURÍSTICA

Para analizármolo comportamento do turismo interior, cómpre ter en conta tanto a demanda externa coma a interna. Os indicadores máis fiables para o total da demanda son, como xa se dixo, os que se refiren unicamente ós establecementos hoteleiros: número de viaxeiros e pernoitas rexistradas. O número de viaxeiros non proporciona información respecto da duración da estada. Neste sentido, é máis interesante revisa-las cifras correspondentes ás pernoitas.

Como pode observarse na gráfica 1, as series de datos anuais agregados das pernoitas indican que, a pesar de que o turismo nacional ten unha importancia crecente, a demanda turística en España procede, sobre todo, do exterior. No período de tempo comprendido entre 1976 e 1996, das pernoitas rexistradas en establecementos hoteleiros aproximadamente o 60 por cento corresponden a visitantes estranxeiros.

Gráfica 1.- Miles de pernoitas en España



P. TOT.: total de pernoitas; P. ESP.: pernoitas de residentes en España.; P. EST.: pernoitas de residentes no estranxeiro.


Neste período, a evolución da demanda exterior é bastante irregular. Nos anos 1976, 77 e 78 as pernoitas estranxeiras experimentan un aumento importante e unha importante diminución nos anos 1979 e 80, en que se volve á cifra de 58 millóns que se alcanzara xa en 1976. No ano 1981 prodúcese unha forte recuperación e as pernoitas aumentan ata 1984. En 1985 hai un descenso brusco, que se recupera no ano 1986 e que se mantén ata 1988 nunha cifra aproximada de 90 millóns de pernoitas. No bienio 1989 e 90 experimentan de novo unha diminución importante e desde 1991 prodúcese un aumento sostido acadándose en 1998 o máximo de 111 millóns de pernoitas de procedencia estranxeira.

Desde 1977 ata 1980, a demanda interior diminúe paulatinamente, pasando as pernoitas de 45 a 37 millóns. En 1981 iníciase un período de estancamento, que abrangue ata 1986, no que se manteñen arredor dos 40 millóns. A partir de 1987 e ata 1991, as pernoitas experimentan un aumento sostido. En 1992 obsérvase un descenso brusco e, a partir daquela, e ata 1998, lixeiros aumentos, acadando neste último ano o valor máximo de 66 millóns de pernoitas nacionais.

Canto ás pernoitas totais, debido á forte dependencia das estranxeiras, teñen unha evolución semellante a estas. As diminucións nas pernoitas estranxeiras que se producen ó longo do período non se ven, en ningún caso, compensadas por aumentos nas nacionais. En 1998 chegan a acadala cifra de 178 millóns, o que supón, con respecto ós 99 millóns de 1976, un incremento próximo ó 80 por cento.

Os datos utilizados na análise precedente son anuais. Este tipo de datos non permite observa-la existencia de concentración temporal. Na gráfica 2, que recolle os indicadores de periodicidade mensual para os últimos anos da mostra, obsérvase a existencia dunha forte estacionalidade, con máximos nos meses do verán. A demanda turística en España ten un comportamento estacional que, como xa se comentou, ten importantes consecuencias negativas, debido a que supón a infrutilización de traballo e capital no sector.

Gráfica 2.- Miles de pernoitas en España



P. TOT.: total de pernoitas; P. ESP.: pernoitas de residentes en España; P. EST.: pernoitas de residentes no estranxeiro.

Ademais, os datos agregados para o conxunto do país tampouco permiten observa-la existencia de concentración espacial. Se se desagregan por comunidades autónomas as cifras das pernoitas para os tres últimos anos da mostra, obsérvase que Baleares, Cataluña, Canarias, Andalucía e a Comunidade Valenciana absorben a maior parte dos turistas. Isto ten tamén importantes consecuencias negativas, que se reflicten basicamente na perda de calidade dos servicios ofrecidos e na deterioración do medio, que fai menos atractivo o destino turístico.

Como pode observarse nas táboas 1, 2 e 3, Andalucía, Baleares, Canarias, Cataluña e a Comunidade Valenciana absorben aproximadamente o 80 por cento do total de pernoitas rexistradas. En particular, correspóndelle a Baleares arredor do 26 por cento; a Canarias, Andalucía e Cataluña porcentaxes que oscilan entre o 14 e o 16 por cento e a Comunidade Valenciana absorbe aproximadamente o 9 por cento.

Estas porcentaxes varían moito, non obstante, de facermos referencia ás pernoitas que corresponden a residentes en España e a residentes no estranxeiro.

Baleares absorbe arredor do 38 por cento do total de pernoitas de estranxeiros e só o 7 por cento do total de pernoitas de españois. A Canarias correspóndelle aproximadamente un 18 por cento do total das pernoitas de estranxeiros e só un 7 por cento do total de pernoitas de residentes en España. En Cataluña rexístranse

arredor do 16 por cento do total para ámbolos dous grupos de pernoitas. Andalucía absorbe, aproximadamente, o 14 e o 19 por cento das pernoitas de estranxeiros e españois, respectivamente. E, finalmente, á Comunidade Valenciana correspóndelle o 6 por cento das pernoitas de estranxeiros e o 9 por cento das de españois.

Táboa 1.- Miles de pernoitas, 1996

CC.AA.	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. Andalucía	23.833,270	10.777,580	13.055,690	15,05	18,56	13,02
2. Aragón	2.378,868	2.139,167	239,701	1,50	3,68	0,23
3. Asturias (Principado de)	1.022,731	972,593	50,138	0,64	1,67	0,05
4. Baleares (Illas)	43.385,890	4.208,612	39.177,280	27,41	7,25	39,09
5. Canarias	24.103,520	4.367,930	19.735,590	15,23	7,52	19,69
6. Cantabria	1.119,446	968,169	151,277	0,70	1,66	0,15
7. Castela e León	1.628,948	1.376,871	252,077	1,02	2,37	0,25
8. Castela-A Mancha	3.545,816	3.055,818	489,998	2,24	5,26	0,48
9. Cataluña	24.657,120	9.093,638	15.563,480	15,58	15,66	15,53
10. Comunidade Valenciana	14.283,740	8.112,885	6.170,860	9,02	13,97	6,15
11. Estremadura	1.077,655	969,127	108,528	0,68	1,66	0,10
12. Galicia	3.508,543	3.166,567	341,976	2,21	5,45	0,34
13. Madrid (Comunidade de)	8.804,855	4.765,714	4.039,141	5,56	8,21	4,03
14. Murcia (Rexión de)	1.818,774	1.566,145	252,629	1,14	2,69	0,25
15. Navarra (Comunidade Foral de)	560,771	481,601	79,1700	0,35	0,82	0,07
16. País Vasco	1.855,837	1.412,654	443,183	1,17	2,43	0,44
17. Rioxa (A)	461,717	417,888	43,829	0,29	0,71	0,04
18. Ceuta e Melilla	211,135	190,188	20,947	0,13	0,32	0,02
19. Total España	158.258,600	58.043,150	10.0215,500	100,00	100,00	100,00

Táboa 2.- Miles de pernoitas, 1997

CC.AA.	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. Andalucía	26.341,910	11.893,810	14.448,100	15,79	19,40	13,70
2. Aragón	2.582,002	2.327,136	254,866	1,54	3,79	0,24
3. Asturias (Principado de)	1.024,017	967,492	56,525	0,61	1,57	0,05
4. Baleares (Illas)	44.273,530	4.057,185	40.216,350	26,55	6,61	38,14
5. Canarias	23.454,430	4.256,221	19.198,210	14,06	6,94	18,20
6. Cantabria	1.102,805	959,694	143,111	0,66	1,56	0,13
7. Castela e León	1.833,319	1.547,043	286,276	1,09	2,52	0,27
8. Castela-A Mancha	3.806,174	3.286,868	519,306	2,28	5,36	0,49
9. Cataluña	27.486,230	9.783,941	17.702,290	16,48	15,96	16,78
10. Comunidade Valenciana	15.284,660	8.466,062	6.818,601	9,16	13,81	6,46
11. Estremadura	1.128,502	1.020,047	108,455	0,67	1,66	0,10
12. Galicia	3.805,269	3.400,843	404,426	2,28	5,54	0,38
13. Madrid (Comunidade de)	9.340,172	5.007,649	4.332,523	5,60	8,16	4,10
14. Murcia (Rexión de)	2.019,544	1.727,403	292,141	1,21	2,81	0,27
15. Navarra (Comunidade Foral de)	584,215	490,693	93,522	0,35	0,80	0,08
16. País Vasco	1.938,532	1.446,389	492,143	1,16	2,35	0,46
17. Rioxa (A)	495,571	451,795	43,776	0,29	0,73	0,04
18. Ceuta e Melilla	232,433	207,936	24,497	0,13	0,33	0,02
19. Total España	166.733,300	61.298,200	105.435,100	100,00	100,00	100,00

Táboa 3.- Miles de pernoitas, 1998

CC.AA.	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. Andalucía	29.238,910	13.190,070	16.048,830	16,39	19,81	14,35
2. Aragón	2.893,273	2.609,910	283,363	1,62	3,92	0,25
3. Asturias (Principado de)	1.726,711	1.631,854	94,857	0,96	2,45	0,08
4. Baleares (Illas)	46.349,370	5.451,718	40.897,650	25,98	8,19	36,58
5. Canarias	24.437,650	4.158,350	20.279,300	13,70	6,24	18,13
6. Cantabria	1.742,196	1.517,246	224,950	0,97	2,27	0,20
7. Castela e León	4.065,723	3.472,036	593,687	2,27	5,21	0,53
8. Castela-A Mancha	1.975,963	1.663,729	312,234	1,10	2,49	0,27
9. Cataluña	28.164,360	9.373,365	18.790,990	15,79	14,08	16,80
10. Comunidade Valenciana	16.398,610	8.641,642	7.756,964	9,19	12,98	6,93
11. Extremadura	1.268,843	1.154,687	114,156	0,71	1,73	0,10
12. Galicia	4.124,988	3.648,823	476,165	2,31	5,48	0,42
13. Madrid (Comunidade de)	9.891,483	5.131,920	4.759,563	5,54	7,71	4,25
14. Murcia (Rexión de)	2.204,495	1.840,628	363,867	1,23	2,76	0,32
15. Navarra (Comunidade Foral de)	661,477	554,997	106,480	0,37	0,83	0,09
16. País Vasco	2.404,601	1.779,976	624,625	1,34	2,67	0,55
17. Rioja (A)	549,638	500,498	49,140	0,30	0,75	0,04
18. Ceuta e Melilla	257,422	230,983	26,439	0,14	0,34	0,02
19. Total España	178.355,700	66.552,440	111.803,300	100,00	100,00	100,00

Por contraste con estas comunidades, o conxunto da España “Verde” (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Navarra), representa só aproximadamente o 5 por cento do total de pernoitas; porcentaxe semellante ó que absorbe por si soa a Comunidade de Madrid. A porcentaxe de pernoitas de estranxeiros que lle corresponde a Madrid é, aproximadamente, o 4 por cento, mentres que o de españois é, aproximadamente, o 8 por cento. Na España “Verde”, sen embargo, só se rexistra o 1 por cento do total de pernoitas de estranxeiros, mentres que o de españois é dun 11 por cento aproximadamente.

A demanda turística en España caracterízase, polo tanto, por unha elevada concentración temporal (nos meses de verán) e unha elevada concentración espacial (nas CC.AA. de Baleares, Canarias, Andalucía, Cataluña e Comunidade Valenciana). A maior parte das pernoitas de residentes no estranxeiro rexístranse en Baleares e Canarias, mentres que a maioría das pernoitas de residentes en España se rexistran en Andalucía, Cataluña, a Comunidade Valenciana e a Comunidade de Madrid.

Polo que se refire ós países de procedencia do turismo español, tamén se observa unha elevada concentración espacial.

Como pode apreciarse na táboa 4, aproximadamente o 37 por cento das pernoitas son de residentes en España e corresponden a residentes na Unión Europea (agás España) máis da metade. En particular, só de residentes en Alemaña e no Reino Unido son máis dun tercio do total das pernoitas rexistradas. Ós países que non figuran de forma explícita nesta táboa correspóndenlles porcentaxes das pernoitas sempre inferiores ó 1 por cento; e, en total, suman algo menos do 10 por cento.

Táboa 4.- Pernoitas (porcentaxe do total) por país de residencia

PAÍS	1996	1997	1998
1. España	36,88	36,76	37,31
2. Alemaña	21,68	20,59	19,13
3. Reino Unido	17,55	17,90	18,69
4. Francia	4,06	3,88	3,84
5. Bélxica	3,05	3,11	3,09
6. Italia	2,68	2,85	2,90
7. Holanda	2,48	2,51	2,55
8. Suíza	1,39	1,41	1,10
9. EE.UU.	1,20	1,28	1,41
10. Outros países	9,03	9,71	9,98
11. UE (agás España)	55,38	54,51	53,94
TOTAL	100,00	100,00	100,00

Isto pon de manifesto a gran dependencia da actividade turística española da situación económica nun número moi reducido de países, sendo, polo tanto, moi sensible á evolución en calquera deles.


Como trazos xerais da demanda turística en España, obsérvase a existencia dunha elevada concentración espacial, tanto respecto da súa procedencia como respecto do lugar de destino, conxuntamente cunha forte concentración temporal.

3.2. A OFERTA TURÍSTICA

A análise descritiva da evolución recente da oferta turística efectúase a través das series correspondentes ó número de prazas en establecementos hoteleiros.

Como pode observarse na gráfica 3, ó longo dos últimos anos o número de prazas segue unha liña de tendencia crecente, pero con ritmos distintos segundo cal sexa o período temporal de referencia.

Entre os anos 1976 e 1984 a variable experimenta un crecemento moderado. O número de prazas medra a unha taxa media anual de, aproximadamente, o 4,5 por cento, xa que pasa das 798 mil prazas de 1976 ás 835 mil de 1984. No período comprendido entre 1985 e 1993, o ritmo de crecemento é moi superior. A taxa de incremento está próxima ó 20 por cento. A tendencia é incluso máis acusada entre os anos 1990 e 1992, debido, probablemente, ás expectativas creadas pola designación de Madrid como Capital Cultural Europea, e ás celebracións dos Xogos Olímpicos en Barcelona e da Exposición Universal de Sevilla, que coinciden no ano final do período, durante o cal se pasa de 929 a 998 mil prazas. No ano 1995 rexístrase o máximo de 1074 miles de prazas.

Gráfica 3.- Número de prazas en establecimientos hoteleiros en España

Respecto da oferta turística, para obter o total de aloxamentos sería necesario considerar tamén a oferta extrahoteleira e a de aloxamentos privados para uso turístico. A Secretaría Xeral de Turismo estima a capacidade dos apartamentos, chalés, *bungalows* e outros aloxamentos semellantes non-regrados en 1990, en 7500 miles de prazas. Os datos do *Anuario de Estadísticas de Turismo* indican que no período comprendido entre 1977 e 1993 o número de prazas en cámpings case se triplica, pasando das 232 mil en 1977 ás 602 mil de 1993, e debe terse en conta, ademais, que existe un número importante de establecementos deste tipo que están á marxe da normativa e que, por conseguinte, non figuran nas estatísticas.

Dadas estas cifras, é obvio o enorme peso que ten a oferta “non-regrada”. Sen embargo, non é posible dispoñer de datos fiables para ela, de tal maneira que a análise da oferta turística debe facerse a partir das cifras correspondentes ós establecementos hoteleiros.

Na táboa 5 móstranse os datos correspondentes á estrutura das empresas hoteleiras para o ano 1996 desagregados por CC.AA. A combinación destes datos cos que proporciona a *Contabilidad Regional de España* permite calcula-la porcentaxe que supón o valor engadido bruto das empresas hoteleiras sobre o valor engadido bruto total de cada CC.AA. Esta información móstrase na táboa 6.

O valor engadido bruto a prezos de mercado dun sector da economía é a diferenza entre o valor de venda dos produtos do sector e o valor de compra da enerxía e as materias primas necesarias para elaboralos. A análise da evolución do valor engadido permite, polo tanto, valora-la riqueza xerada por un sector económico ó longo dun determinado período de tempo.

Cando se fai referencia á actividade turística é obvio que é imposible centralizar nun só sector da economía todo o que debería considerarse turismo; pero a parte máis importante desa actividade concéntrase en entidades como hoteis, restaurantes, bares e cafeterías. Nos datos que se recolleron na táboa, referímonos, unicamente, como xa se indicou, ó valor engadido xerado polas empresas hoteleiras.

Táboa 5.- Estructura das empresas hoteleiras, 1996

CC.AA.	Nº EST.	PROD.	VEBPM	PO	GP	VEBPE
1. Andalucía (+ Ceuta e Melilla)	1.707	84.021	52.774	17.236	41.463	3,061
2. Aragón	457	11.976	7.774	3.150	4.403	2,467
3. Asturias (Principado de)	382	10.236	7.009	2.352	4.465	2,980
4. Baleares (Illas)	1.093	217.777	141.867	41.469	84.232	3,421
5. Canarias	456	143.811	92.072	18.891	55.296	4,873
6. Cantabria	264	8.074	5.525	2.214	3.801	2,495
7. Castela e León	787	21.639	14.374	5.160	9.656	2,785
8. Castela-A Mancha	438	10.989	7.649	2.848	4.954	2,685
9. Cataluña	2.076	168.761	100.179	32.572	68.749	3,075
10. Comunidade Valenciana	741	47.048	31.076	9.981	21.148	3,113
11. Estremadura	208	4.915	3.327	1.474	2.391	2,257
12. Galicia	982	17.515	12.054	4.812	7.231	2,504
13. Madrid (Comunidade de)	1.163	118.647	76.921	19.486	58.303	3,947
14. Murcia (Rexión de)	137	6.109	4.030	1.484	3.010	2,715
15. Navarra (Comunidade Foral de)	373	15.963	7.779	2.394	6.124	3,249
16. País Vasco	408	14.119	9.478	2.750	6.837	3,446
17. Rioxa (A)	83	3.691	2.453	853	1.460	2,875
18. Total España	11.756	905.291	576.344	169.307	384.829	3,404

Nº EST.: número de establecementos; PROD.: valor da produción (millóns de pesetas); VEBPM: VEB a prezos de mercado (millóns de pesetas); PO: persoas ocupadas; GP: gastos de persoal (millóns de pesetas).
VEBPE = VEBPM / PO.

Táboa 6.- Datos correspondentes ó ano 1996

CC.AA.	VEBPM (1)	VEBCCAA (2)	((1) / (2))*100
1. Andalucía (+ Ceuta e Melilla)	52.774	9.404.790	0,561
2. Aragón	7.774	2.255.731	0,344
3. Asturias (Principado de)	7.009	1.693.296	0,413
4. Baleares (Illas)	141.867	1.609.206	8,815
5. Canarias	92.072	2.686.282	3,427
6. Cantabria	5.525	890.464	0,620
7. Castela e León	14.374	4.028.759	0,356
8. Castela-A Mancha	7.649	2.538.065	0,301
9. Cataluña	100.179	13.316.093	0,752
10. Comunidade Valenciana	31.076	6.629.394	0,468
11. Estremadura	3.327	1.255.950	0,264
12. Galicia	12.054	3.930.659	0,306
13. Madrid (Comunidade de)	76.921	10.977.736	0,700
14. Murcia (Rexión de)	4.030	1.687.900	0,238
15. Navarra (Comunidade Foral de)	7.779	1.098.255	0,708
16. País Vasco	9.478	4.481.803	0,211
17. Rioxa (A)	2.453	643.894	0,380
18. Total España	576.344	69.201.508	0,832

A última columna da táboa 5 mostra diferencias importantes no valor engadido por traballador, segundo a comunidade autónoma de que se trate. A cifra é significativamente maior para Canarias ca para as restantes comunidades. Está case unha unidade por baixo a correspondente a Madrid. En Andalucía, Baleares, Cataluña, Navarra e o País Vasco, a cifra anda arredor da media nacional e é inferior a ela para as demais.


Na terceira columna da táboa 6 ponse de manifesto a enorme dependencia da actividade turística das CC.AA. de Baleares e Canarias. Só as empresas hoteleiras xeran, respectivamente, o 8,8 e o 3,4 por cento de todo o valor engadido bruto da comunidade.

4. O SECTOR TURÍSTICO EN GALICIA

4.1. A DEMANDA TURÍSTICA

Como pode observarse na gráfica 4, a evolución da demanda en Galicia e en España presenta diferencias apreciables.

Gráfica 4.- Miles de pernoitas




As series de datos anuais das pernoitas desagregadas nas de residentes en España e no estranxeiro que se mostran na gráfica 5, indican que, contrariamente ó que sucede no caso español, a demanda turística en Galicia procede fundamentalmente dos residentes en España. No período de tempo comprendido entre 1976 e 1998, das pernoitas rexistradas en establecementos hoteleiros aproximadamente o 90 por cento corresponden a visitantes españois, aínda que nos últimos anos do período obsérvase un lixeiro incremento dos estranxeiros.

Ata 1990, a evolución da demanda exterior é bastante irregular e mantense arredor dunha media de 230 mil pernoitas, pero con oscilacións importantes nal-

gúns períodos. Desde 1991, sen embargo, experimenta un crecemento sostido, acadando, en 1998, o máximo de 476 mil pernoitas de estranxeiros.

Gráfica 5.- Miles de pernoitas en Galicia



P. TOT.: total de pernoitas; P. ESP.: pernoitas de residentes en España; P. EST.: pernoitas de residentes no estranxeiro.

Desde 1976 ata 1982 a demanda interior experimenta lixeiros aumentos e diminucións, oscilando entre 2100 e 2400 miles de pernoitas. A partir de 1983 e ata 1991 rexístranse cifras superiores cada ano. En 1992 prodúcese unha caída importante, debido á atracción exercida por Sevilla, Barcelona e Madrid, polas razóns xa indicadas. Esa caída recupérase ó ano seguinte, no que se celebra o Ano Santo 93, e en 1994 obsérvase, de novo, unha forte diminución. Desde aquela ata o final do período, as pernoitas aumentan e é tamén en 1998 cando se acada o máximo de 3648 miles de pernoitas de residentes en España.


Canto ás pernoitas totais, debido á forte dependencia das nacionais, teñen unha evolución moi semellante a estas.

Para analizármola estacionalidade, na gráfica 6 recóllense os indicadores de periodicidade mensual en España e Galicia para os últimos anos da mostra. Como pode observarse, a demanda turística está máis concentrada nos meses de verán en Galicia que en España.

Esta salientable compoñente estacional ten, tal e como xa se estableceu, importantes consecuencias negativas. Resulta, pois, fundamental, desenvolver produtos turísticos que tendan a homoxeneiza-la demanda ó longo do ano, captando a aqueles turistas que, seguindo as tendencias actuais, fraccionan o seu período de vacacións, co fin de realizar pequenos desprazamentos en pontes e fins de semana. Neste sentido, o turismo rural en Galicia tivo unha importante acollida, aunque aínda debe continuar posicionándose nun mercado moi competitivo. Galicia ofrece tamén outras posibilidades que comezaron a se desenvolver, coma o turismo de con-

gresos e o de saúde, que poderían chegar a constituír importantes piares do turismo galego.

Gráfica 6.- Miles de pernoitas



Para analizármola existencia de concentración espacial, desagregáanse por provincias as cifras das pernoitas para os tres últimos anos da mostra. Como pode apreciarse nas táboas 7, 8 e 9, a provincia de Pontevedra absorbe case a metade das pernoitas rexistradas en Galicia e a provincia da Coruña aproximadamente o 40 por cento.

Táboa 7.- Miles de pernoitas en establecementos hoteleiros, 1996

PROVINCIA	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. A Coruña	1.380,951	1.183,093	197,858	39,35	37,36	57,85
2. Lugo	342,607	328,227	14,380	9,76	10,36	4,20
3. Ourense	179,543	174,538	5,005	5,11	5,51	1,46
4. Pontevedra	1.605,442	1.480,709	124,733	45,75	46,76	36,47
5. Galicia	3.508,543	3.166,567	341,976	100,00	100,00	100,00

Táboa 8.- Miles de pernoitas en establecementos hoteleiros, 1997

PROVINCIA	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. A Coruña	1.412,339	1.195,836	216,503	37,11	35,16	53,53
2. Lugo	366,653	351,759	14,894	9,63	10,34	3,68
3. Ourense	197,574	1.90,522	7,0520	5,16	5,60	1,74
4. Pontevedra	1.828,703	1.662,726	165,977	48,05	48,89	41,04
5. Galicia	3.805,269	3.400,843	404,426	100,00	100,00	100,00

Táboa 9.- Miles de pernoitas en establecementos hoteleiros, 1998

PROVINCIA	TOTAL	DE ESP.	DE EST.	%TOT.	%ESP.	%EST.
1. A Coruña	1577,487	1315,217	262,270	38,24	36,04	55,07
2. Lugo	375,046	355,751	19,295	9,09	9,74	4,05
3. Ourense	218,847	210,907	7,940	5,30	5,78	1,66
4. Pontevedra	1953,608	1766,948	186,660	47,36	48,42	39,20
5. Galicia	4124,988	3648,823	476,165	100,00	100,00	100,00

Como a maioría das pernoitas corresponden a residentes en España, as porcentaxes de pernoitas de españois por provincias respecto do total de pernoitas de españois en Galicia só se modifican lixeiramente respecto a estes, sendo algo inferior á porcentaxe sobre o total no caso da Coruña e algo superior no caso de Pontevedra. As cifras, sen embargo, invértense, cando se fai referencia á porcentaxe de pernoitas de estranxeiros para cada provincia sobre o total de pernoitas de estranxeiros. A Coruña absorbe máis da metade e Pontevedra arredor do 40 por cento.

Respecto da procedencia dos visitantes que pernoitan en establecementos hoteleiros en Galicia, como xa se sinalou, aproximadamente o 90 por cento son españois.

A información recollida pola *Encuesta de Ocupación Hotelera* proporciona os datos por provincias correspondentes ó ano 1999. Estas cifras indican que a maioría dos visitantes que pernoitan en Galicia proceden da propia comunidade autónoma. En Ourense máis da metade das pernoitas rexistradas corresponden a residentes nesta comunidade; en Lugo son case a metade e na Coruña e Pontevedra algo menos do 30 por cento.

A continuación, a comunidade autónoma da que proceden a maioría das pernoitas é Madrid, con porcentaxes que oscilan entre o 14 e o 20 por cento, segundo a provincia de que se trate. A Cataluña correspóndenlle porcentaxes entre o 6 e o 8 por cento. A Coruña e Pontevedra tamén rexistran porcentaxes de pernoitas significativas de procedencia andaluza; concretamente, algo máis do 6 e do 9 por cento, respectivamente. En Lugo, case o 8 por cento das pernoitas proceden de Asturias. En Pontevedra, proceden de Castela e León o 7,5 por cento das pernoitas rexistradas e da Comunidade Valenciana e do País Vasco, porcentaxes lixeiramente superiores ó 5 por cento.

A *Análise estatística sobre o turismo en Galicia*, realizada polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela en 1997 para Turgalicia, coincide en revelar que a maioría das persoas que viaxan por Galicia proceden da nosa comunidade, Madrid, Cataluña, País Vasco e Castela e León, nesta orde. Dos enquisados estranxeiros, a maior porcentaxe corresponde a Alemaña, seguida de Portugal, Francia e Suíza.

Como pode observarse, polo tanto, os trazos xerais da demanda turística en Galicia, non son substancialmente diferentes dos observados para España. Os datos mostran a existencia dunha elevada concentración espacial, tanto respecto da súa procedencia como respecto do lugar de destino, xuntamente cunha concentración temporal incluso máis acusada cá española.

A *Análise estatística sobre o turismo en Galicia*, á que xa nos referimos, proporciona tamén información de interese respecto de cá é o tipo de turista que nos visita. Case un 88 por cento ten a súa residencia habitual en cidades, e máis do 60 por cento posúe un nivel de estudos medio ou superior. A maioría dos turistas enquisados xa coñecían Galicia e os principais motivos da viaxe son coñecer e gozar

do seu contorno e costumes e os vínculos familiares ou de amizade. Algo máis do 29 por cento alóxase en hoteis e hostais; case un 20 por cento faino en casas de familiares e amigos e arredor do 12 por cento utiliza a súa propia casa; o 15 por cento utiliza o cámping e o 10 por cento alóxase nunha vivenda alugada.

Para cuantifica-la demanda turística en Galicia, como xa se referiu, utilizáronse os datos facilitados polo servidor TEMPUS do Instituto Nacional de Estatística. A información recollida pola estatística *Movimiento de viajeros en establecimientos hoteleros* refírese só ás cifras rexistradas en establecementos hoteleiros regrados, nos cales se aloxa aproximadamente só o 30 por cento das persoas que nos visitan. Existen diversos informes que tratan de analiza-lo total da oferta, entre os que cabe destaca-los efectuados pola Dirección Xeral de Política Turística da Secretaría Xeral de Turismo para diferentes anos.

Con este mesmo sentido, o Instituto Klein, encargado da elaboración do *Anuario comercial de España* publicado pola Caixa, estimou as cifras correspondentes ás pernoitas extrahoteleiras regradas e non-regradas para tódalas provincias españolas. Nas táboas 10, 11 e 12 recóllense as correspondentes ás catro provincias galegas e o total para Galicia no período 1996-1998.

Táboa 10.- Miles de pernoitas estimadas, 1996

PROVINCIA	TOTAL	HOT. REGRADAS	EXT. REGRADAS	NON-REGRADAS
1. A Coruña	10.424,900	1.380,951	887,517	8.156,430
2. Lugo	5.246,333	342,607	226,862	4.676,864
3. Ourense	1.365,726	179,543	132,447	1.053,736
4. Pontevedra	11.965,180	1.605,442	910,566	9.449,174
5. Galicia	29.002,140	3.508,543	2.157,392	23.336,205

Táboa 11.- Miles de pernoitas estimadas, 1997

PROVINCIA	TOTAL	HOT. REGRADAS	EXT. REGRADAS	NON-REGRADAS
1. A Coruña	10.661,850	1.412,339	907,689	8.341,820
2. Lugo	5.614,549	366,653	242,784	5.005,112
3. Ourense	1.502,883	197,574	145,749	1.159,560
4. Pontevedra	13.629,120	1.828,703	1.037,194	10.763,224
5. Galicia	31.408,400	3.805,269	2.333,416	25.269,716

Táboa 12.- Miles de pernoitas estimadas, 1998


PROVINCIA	TOTAL	HOT. REGRADAS	EXT. REGRADAS	NON-REGRADAS
1. A Coruña	11.975,100	1.577,487	1.028,306	9.369,307
2. Lugo	5.743,591	375,046	248,398	5.120,147
3. Ourense	1.669,241	218,847	162,479	1.287,915
4. Pontevedra	14.587,421	1.953,608	1.113,798	11.520,015
5. Galicia	33.975,353	4.124,988	2.552,981	27.297,384

Estes datos poñen de manifesto que as pernoitas en establecementos hoteleiros representan só aproximadamente o 13 por cento do total de pernoitas rexistradas en Galicia. En 1996 o total de pernoitas en Galicia estímase en 29002 miles, fronte ós 3508 miles recollidos na estatística *Movimiento de viajeros en establecimientos hoteleros*. En 1997 estímase para Galicia un total de 31408 miles de pernoitas fronte ós 3805 miles recollidos nesa estatística. Para o ano 1998, a estatística recolle un total de 4124 miles de pernoitas fronte ós 33979 miles de pernoitas estimadas. Dadas estas cifras, é obvio o enorme peso que ten a oferta extrahoteleira regradada e a non-regradada.

4.2. A OFERTA TURÍSTICA

Como pode observarse na gráfica 7, ó longo dos últimos anos o número de prazas en establecementos hoteleiros en Galicia presenta unha evolución similar á que se describiu para o caso español, aínda que o seu ritmo de crecemento é superior. A variable segue unha liña de tendencia crecente, e pasa dunhas 20 mil prazas no ano 1976 a unhas 50 mil no ano 1998.

Gráfica 7.- Número de prazas en establecementos hoteleiros



A porcentaxe que supón o número de prazas en Galicia respecto do total en España experimenta un aumento sostido, e pasa de arredor do 2,5 por cento no comezo do período a aproximadamente o 4 por cento nos anos finais.

Da *Encuesta sobre la estructura de las empresas hoteleras* pode deducirse, para o caso de Galicia, que a infraestrutura é relativamente moderna, o cal suxire que o desenvolvemento do sector nesta comunidade autónoma é recente.

O valor engadido bruto xerado polas empresas hoteleiras representa o 0,3 por cento do valor engadido bruto total da rexión.

En 1992, o valor engadido bruto xerado polos principais establecementos turísticos (hoteis, restaurantes, bares e cafeterías) no total da comunidade autónoma é o 6,48 por cento, o cal sitúa a Galicia no grupo das comunidades autónomas cunha

participación do sector hostalería claramente inferior á media nacional, que se cifra nun 7,46 por cento. Ademais, neste mesmo ano, o sector de hostalería en Galicia dá emprego ó 4,1 por cento do total de persoas ocupadas e contribúe cun escaso 6 por cento ó emprego do sector en España (Rey, 1998).

A maior parte dos establecementos hoteleiros galegos son de escasa capacidade e están clasificados nas categorías inferiores, posto que algo máis do 70 por cento teñen menos de 50 prazas e corresponden ás categorías de hoteis de menos de tres estrelas e hostais. Debido a que a súa dimensión é reducida, teñen un baixo nivel de facturación e un escaso número de empregados por establecemento. Canto á xestión, predomina o empresario individual. E canto á propiedade, a pertenza a unha cadea hoteleira é absolutamente minoritaria.

Nas táboas 13, 14 e 15, o número de prazas en establecementos hoteleiros desagregouse para as catro provincias galegas. Como se pode observar, o maior número de prazas corresponde sempre á provincia de Pontevedra, que oferta aproximadamente o 47 por cento de tódalas prazas de Galicia. A provincia da Coruña oferta aproximadamente un 32 por cento e ás provincias de Lugo e Ourense correspóndelles, respectivamente, o 12 e o 9 por cento do total de prazas en establecementos hoteleiros en Galicia.

Táboa 13.- Oferta hoteleira en Galicia, 1996

PROVINCIA	Nº PRAZAS	% SOBRE TOTAL
1. A Coruña	13.223	31,62
2. Lugo	5.536	12,44
3. Ourense	4.048	9,20
4. Pontevedra	20.258	46,74
5. Galicia	430.654	100,00

Táboa 14.- Oferta hoteleira en Galicia, 1997

PROVINCIA	Nº PRAZAS	% SOBRE TOTAL
1. A Coruña	14.346	32,04
2. Lugo	5.520	12,33
3. Ourense	4.288	9,58
4. Pontevedra	20.619	46,05
5. Galicia	44.773	100,00

Táboa 15.- Oferta hoteleira en Galicia, 1998

PROVINCIA	Nº PRAZAS	% SOBRE TOTAL
1. A Coruña	14.342	31,78
2. Lugo	5.531	12,26
3. Ourense	4.196	9,30
4. Pontevedra	21.063	46,66
5. Galicia	45.132	100,00

Para completa-la análise da oferta e a demanda turística en Galicia resulta necesario estudia-la súa distribución por comarcas. O lector interesado neste tema, pode atopar unha análise coidadosa e detallada no traballo de Guisán, Aguayo e Neira (1999).

Neste artigo centrarémonos unicamente na análise do turismo nas sete cidades máis importantes, que constitúen o que o *Anuario comercial de España* denomina *cabeceiras de área*.

4.3. O TURISMO NOS SETE MUNICIPIOS PRINCIPAIS

Para analiza-la demanda turística neses municipios, non se dispón de datos das pernoitas nin das excursións, polo que se utilizarán as estimacións obtidas polo Instituto Klein.

Para estima-las pernoitas en cadansúa cabeceira de área, o Instituto Klein parte do total provincial, e aplica a esta cantidade o resultado de dividi-lo índice turístico da cabeceira de área polo da provincia. O índice turístico é un índice simple que se calcula en función da cota tributaria, que ten en conta o número de cuartos, a súa ocupación anual e a categoría dos establecementos.

Unha vez obtida a estimación correspondente ás pernoitas, procédeuse a estima-las visitas de día ou excursións do resto da área á cabeceira. Para iso calcúlanse, en primeiro lugar, as pernoitas do resto da área aplicándolles ás pernoitas da cabeceira a *ratio* que resulta de dividi-lo índice turístico do resto da área entre o índice turístico da cabeceira. A continuación, ó considerar que os turistas do resto da área só se desprazan á cabeceira por un día, divídense as pernoitas do resto da área entre a estancia media, calculada a partir da publicada polo Instituto Nacional de Estatística para os establecementos hoteleiros. Aínda que xeralmente os excursionistas españois e estranxeiros presentes nunha localidade cabeceira tamén proceden do resto da área comercial, algunhas localidades son visitadas por un número importante de excursionistas dun país estranxeiro fronteirizo. Este é o caso de Vigo, cidade fronteiriza co norte de Portugal. Por esta razón, para este tipo de localidades, corríxese a cifra de pernoitas e excursións turísticas correspondentes.

Na táboa 16 recóllense as cifras de pernoitas e excursións turísticas das sete principais cidades galegas entre os anos 1996 e 1998.

Táboa 16.- Miles de pernoitas e excursións turísticas

MUNICIPIO	1996	1997	1998
A Coruña	2.539,435	2.764,499	2.903,178
Ferrol	395,830	382,577	398,914
Lugo	1.791,745	1.576,906	1.705,239
Ourense	1.136,864	1.207,783	1.347,306
Pontevedra	903,969	804,930	890,860
Santiago	2.151,708	2.335,270	2.410,459
Vigo	2.439,164	3.316,425	3.753,469

Pode observarse que nos dous últimos anos Vigo ocupa a primeira posición na clasificación de cidades galegas cun maior volume de pernoitas e excursións. Debe terse en conta o carácter fronteirizo desta cidade e a crecente importancia dos movementos de viaxeiros procedentes de Portugal cara á nosa comunidade autónoma. A Coruña, aínda que no ano 96 ocupa o primeiro posto da clasificación, nos últi-

mos anos sitúase en segunda posición. Séguelle moi de preto Santiago de Compostela, un dos destinos turísticos máis atractivos. Algo máis afastadas están as cidades de Lugo e Ourense. En Pontevedra non se acada a cifra dun millón de pernoitas e excursións nos anos analizados e Ferrol ocupa, en calquera destes tres anos, a última posición, cun volume de demanda moi inferior ó correspondente ós principais puntos de destino de turistas e excursionistas en Galicia.

De calquera maneira, debe terse en conta que estas estimacións se obtiveron a partir do índice turístico de cada municipio e, por conseguinte, o reparto das pernoitas provinciais é moi sensible ás variacións no número de establecementos hoteleiros da zona. Tal e como se pode observar a continuación, Vigo é a cidade na que se rexistra unha maior variación no número de prazas ofertadas, seguida de Santiago e Ferrol.

Agás en Lugo, Pontevedra e Ferrol, no resto destas cidades rexistráronse incrementos no volume de demanda turística estimada. No ano 1997, obsérvase que nas tres cidades mencionadas se rexistran importantes taxas de variación negativas con respecto ó ano 1996. Neste sentido, cabe salientar que en Lugo a taxa de variación case acada o 14 por cento, en Pontevedra sitúase en torno ó 12 por cento e no caso de Ferrol é algo menos do 3,5 por cento. Os incrementos máis destacados rexístranse en Vigo, tanto para 1997, cun 26,4 por cento, coma para 1998, cun 11,65 por cento, o cal está, probablemente, relacionado co feito comentado da crecente importancia dos movementos de viaxeiros procedentes de Portugal.

No que á oferta turística municipal se refire, só se dispón dos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística relativos ó número de prazas en establecementos hoteleiros nos municipios de Galicia. Aínda que, obviamente, a oferta que dá aloxamento ós turistas non só está constituída polos establecementos hoteleiros, as cifras correspondentes ás prazas existentes neste tipo de establecementos pode dar unha idea do peso de cada unha destas cidades no total de prazas ofertadas en Galicia.

Na táboa 17 preséntanse os datos correspondentes ó número de prazas ofertadas en establecementos hoteleiros nas sete principais cidades de Galicia entre 1996 e 1998.

Táboa 17.- Número de prazas en establecementos hoteleiros

MUNICIPIO	1996	1997	1998
A Coruña	3.652	3.650	3.650
Ferrol	544	523	523
Lugo	1.387	1.411	1.411
Ourense	1.347	1.347	1.347
Pontevedra	989	989	989
Santiago	3.416	3.418	3.545
Vigo	4.078	4.082	4.347

Na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ó longo destes tres anos, non se produciron variacións no número de hoteis rexistrados. Sen embargo, no caso da Coruña pode observarse que o número de prazas que se ofertan en 1996 é inferior ó

correspondente ós outros dous anos. Isto pode deberse a pequenas obras de remodelación nalgún dos establecementos deste municipio. En Ferrol, o descenso no número de prazas xustifícase pola desaparición dun hotel. Vigo é a cidade que conta cun maior número de establecementos hoteleiros e cun maior volume de prazas ofertadas.

Ó longo destes tres anos, o número de prazas ofertadas case permanece estable. Non obstante, cabe mencionalos incrementos rexistrados tanto en Vigo, coma en Santiago. Neste último caso, a razón estriba na necesidade de adaptación da oferta a un incremento esperado da demanda, como consecuencia da celebración en 1999 do Ano Santo. De feito, en 1999 prodúcese un incremento espectacular, que supera lixeiramente o 25 por cento, no número total de prazas ofertadas neste municipio, que pasan de 3545 a algo máis de 4700 prazas rexistradas.

5. CONCLUSIÓNS

- 1) A pesar de que o turismo nacional ten unha importancia crecente, a demanda turística en España procede, sobre todo, do exterior.
- 2) Como trazos xerais da demanda turística en España, obsérvase a existencia dunha elevada concentración espacial, tanto respecto da súa procedencia como respecto do lugar de destino, conxuntamente cunha forte concentración temporal.
- 3) A oferta turística “non-regrada” constituída principalmente por cámpings, apartamentos turísticos non rexistrados e segundas residencias, constitúe unha parte moi importante da oferta turística no noso país.
- 4) O valor engadido bruto xerado polas empresas hoteleiras en Baleares e Canarias, representa o 8,8 e o 3,4 por cento de todo o valor engadido bruto da respectiva comunidade, o que pon de manifesto a enorme dependencia económica da actividade turística nestas dúas CC.AA.
- 5) A demanda turística en Galicia procede fundamentalmente dos residentes en España, aínda que, nos últimos anos, obsérvase un lixeiro incremento dos estranxeiros.
- 6) Analogamente ó que sucede no caso español, a demanda de turismo en Galicia caracterízase por unha elevada concentración espacial e temporal, esta última, incluso máis acusada cá española.
- 7) Nos establecementos hoteleiros regrados alóxase aproximadamente só o 30 por cento das persoas que nos visitan. Segundo as estimacións realizadas polo Instituto Klein, as pernoitas en establecementos hoteleiros representan unicamente arredor do 13 por cento do total de pernoitas rexistradas en Galicia.
- 8) A maior parte dos establecementos hoteleiros galegos son de escasa capacidade e están clasificados nas categorías inferiores, posto que algo máis do 70 por cento teñen menos de 50 prazas e corresponden ás categorías de hoteis de menos de tres estrelas e hostais.

- 9) Na clasificación de cidades galegas cun maior volume de pernoitas e excursións, Vigo ocupa a primeira posición, seguido moi de preto pola Coruña e Santiago, por esta orde. Algo máis distanciadas están as cidades de Lugo, Ourense e Pontevedra. Ferrol ocupa a última posición, cun volume de demanda moi inferior ó correspondente ós principais puntos de destino de visitantes en Galicia.
- 10) Vigo é a cidade que conta co maior número de establecementos hoteleiros e prazas ofertadas. A necesidade de adaptación da oferta a un incremento esperado da demanda, como consecuencia da celebración do Ano Santo 99 provocou que se rexistrase un incremento espectacular no número de prazas ofertadas en Santiago.

BIBLIOGRAFÍA

- CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA, SERVICIO DE ESTUDIOS: *Anuario comercial de España*. (Varios anos). Instituto Lawrence R. Klein [dir. tecn.]. Universidade Autónoma de Madrid.
- GUISÁN, M.C.; AGUAYO, E.; NEIRA, I. (1999): *Economía del turismo en Galicia. Impacto económico y distribución territorial*. Estudios Económicos de la Asociación Hispalink Galicia.
- INE: *Encuesta sobre la estructura de los establecimientos hoteleros*. (Varios anos). Madrid.
- INE: *Movimiento de viajeros en establecimientos hoteleros*. (Varios anos). Madrid.
- INE (1996): *Contabilidad regional de España*. Madrid.
- INE (1999): *Encuesta de ocupación hotelera*. Madrid.
- INSTITUTO DE ESTUDIOS TURÍSTICOS: *Anuario de estadísticas de turismo*. (Varios anos). Madrid.
- OMT (1994): *Informes estadísticos*, serie M, núm. 83. New York.
- OMT (1995): *Conceptos, definiciones y clasificaciones de las estadísticas de turismo*. Madrid.
- PULIDO, A. (1965): *Introducción al análisis econométrico del turismo*. (Tese de doutoramento). (Publicada en *Cuadernos Monográficos del Instituto de Estudios Turísticos*, núm. 5).
- REY, C. (1998): *Economía del turismo. Estructura de mercados e impacto sobre el desarrollo*. Estudios Económicos de la Asociación Hispalink Galicia.
- TURGALICIA (1997). *Análisis estadístico del turismo en Galicia*. (Realizado polo Departamento de Estadística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago de Compostela).